



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Medio Ambiente

Aprobación definitiva modificación ordenanza nº38, reguladora do uso das praias do Concello de Arteixo

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº 38, REGULADORA DO USO DAS PRAIAS DO CONCELLO DE ARTEIXO.

Téndose aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o xoves 27 de febreiro do 2025 a modificación do texto da ordenanza Nº38, reguladora do uso das praias do Concello de Arteixo, e transcurrido o prazo de exposición pública (dende o 28 de marzo até o 14 de maio, ambos inclusive, Boletín Oficial da Provincia nº 60 do 28.03.2025), sin que se presentase reclamación ou suxerencia algunha, enténdese definitivamente aprobado o texto de dita ordenanza, co seguinte teor literal:

“ORDENANZA MUNICIPAL NÚM. 38, REGULADORA DO USO DAS PRAIAS DO CONCELLO DE ARTEIXO

Exposición de motivos

A franxa litoral defínese como un recurso natural particularmente atractivo e utilizado, polo que soporta unha elevada presión de uso. Entre os diferentes usos que se lle dan na actualidade á dita franxa salienta o do lecer, centrado especialmente nas zonas de praia e, particularmente, na temporada de verán.

O Concello de Arteixo conta con numerosos areas de calidade que son utilizados pola súa poboación e incluso por moitos visitantes procedentes da bisbarra, os cales se achegan na procura dun espazo axeitado para o aproveitamento do seu tempo de lecer.

O uso dun espazo natural como zona de lecer obriga a que se compatibilicen os dereitos que lle asisten ás persoas usuarias destes areas e da ribeira do bordo litoral arteixán coa preservación absoluta do medio natural. Ademais, considerando as particularidades destes espazos e os riscos derivados do seu uso resulta preciso determinar unha serie de condicións que garantan a hixiene dos lugares e a seguridade das persoas usuarias.

O referido nos anteditos parágrafos determinou a redacción dunha ordenanza específica de uso das praias do Concello de Arteixo, a cal se aplicará non só aos areas existentes, senón tamén á franxa do litoral utilizado con fins lúdicos e de espaxamento e, especialmente ás sendas litorais de titularidade municipal e ás diferentes infraestruturas construídas para dotar de servizos a estas praias e sendas.

O noso ordenamento constitucional reconece no seu artigo 45 o dereito de todos a gozar dun medio ambiente axeitado para o desenvolvemento da persoa, así coma o seu deber de conservalo. Asemade, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, nos apartados a) e h) do artigo 25.2, outórgalle aos municipios competencias para garantir a seguridade nos espazos públicos (entre os que se atopan as praias) e para a protección da salubridade pública, nos termos que determine a lexislación estatal e autonómica. Finalmente, a lexislación sectorial de aplicación, determinada pola Lei estatal 22/1988, do 28 de xullo, de costas, tamén establece competencias municipais, como son o mantemento das condicións de salubridade nas praias e a observancia das normas e instrucións ditadas pola Administración do Estado sobre salvamento e seguridade de vidas humanas.

En virtude do anterior, o Concello de Arteixo elaborou para a súa aprobación, unha Ordenanza Municipal reguladora do uso das súas praias como instrumento de concienciación, convivencia e xestión eficaz do dominio público costeiro, no ámbito territorial deste municipio. Abórdanse nesta ordenanza os aspectos que recaen dentro da competencia municipal, estruturando a mesma en diferentes títulos e capítulos, nos cales se recolle o conxunto de normas que abrangue a variada tipoloxía de utilizacións que se poden dar sobre os areas e as súas zonas de baño, as referidas á hixiene das zonas de baño, á vixilancia, ao salvamento e ao socorrismo, así coma aos deberes e obrigas das/dos bañistas e persoas usuarias destes espazos. Remátase a ordenanza coa descrición do réxime sancionador, na cal se definen as infraccións a esta norma e se indican as contías das sancións económicas de acordo coa súa clasificación e atendendo ás previsións do título XI da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases do réxime local, incorporado polo artigo 1.4 da Lei 57/03, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

En definitiva, a Ordenanza trata de unificar a normativa administrativa sectorial específica nun texto único regulador e desenvolveo co obxectivo final de permitir a un mesmo tempo a protección integral dos espazos públicos e tamén que estes se convertan nun lugar de encontro e convivencia da cidadanía de Arteixo e das/os seus visitantes, para o seu gozo e benestar, dentro da conservación do mesmo.

TÍTULO I.-DISPOSICIÓNS XERAIS

CAPÍTULO I.-OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1.-Obxecto.

É o obxecto da presente ordenanza a regulación do uso das praias e da franxa litoral do Concello de Arteixo, compatibilizando a normativa vixente na materia para establecer un modelo adecuado de actuación e xestión no municipio, de acordo coas súas circunstancias, particularidades, usos e necesidades.

Preténdese coa súa aplicación conxugar o dereito de todos a gozar das praias, debido á súa natureza demanial, co deber do Concello de Arteixo, no marco das súas competencias, de velar pola súa utilización racional, todo isto en orde á seguridade, á sanidade pública e á protección do medio ambiente.

De igual maneira, tamén é obxecto da ordenanza regular as actividades que se realicen nas praias do Concello de Arteixo promovendo a protección cidadá, a contorna e a calidade dos servizos que se presten.

Artigo 2.-Ámbito de aplicación.

Esta ordenanza será de aplicación, dentro do termo municipal de Arteixo, ao uso, prestación de servizos e elementos localizados no espazo público que constitúe o dominio público marítimo terrestre definido no título I da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, ou que teña a consideración normativa de praia, ademais da franxa do litoral utilizado con fins lúdicos e de espaxemento, así como nas sendas litorais de titularidade municipal e nas diferentes infraestruturas construídas para dotar de servizos a estas praias e sendas. A aplicación desta ordenanza realizarase sen menoscabo daquelas competencias atribuídas ao Estado ao á Comunidade Autónoma de Galicia.

En calquera caso, será de aplicación nas praias que se relacionan no anexo I da presente ordenanza.

Artigo 3.-Competencia.

A competencia nesta materia atribuiráselle á concellaría que a Alcaldía designe, aínda que esta competencia non inhiere as propias ao resto das concellarías no que a materia obxecto desta ordenanza lles puidera afectar.

CAPÍTULO II.-DEFINICIÓNS E SINALIZACIÓN INFORMATIVA

Artigo 4.-Definicións.

Para os efectos da presente ordenanza, enténdese como:

- a) **Dominio público marítimo terrestre:** atópase definido nos artigos 3 e 4 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas.
- b) **Praias:** marxe, beira ou ribeira que rodea as augas de baño continentais ou marítimas, as cales constitúen zonas de depósito de materiais soltos, tales como areas, gravas e seixos, incluíndo escarpas, bermas ou dunas, teñan ou non vexetación, formadas pola acción da auga ou do vento, ou por outras causas naturais ou artificiais.
- c) **Augas de baño:** aquelas de carácter continental ou marítimo nas que o baño estea expresamente autorizado ou, non estando prohibido, se practique habitualmente por un número importante de persoas.
- d) **Zona de baño:** área xeograficamente delimitada dun termo municipal composta por unha praia e as súas augas de baño. En todo caso, entenderase como zona de baño aquela que se atope debidamente balizada e sinalizada ao respecto. Nos tramos de costa que non exista o balizamento da zona de baño, entenderase que esta ocupa unha franxa continua de mar contigua á costa dunha anchura de 200 metros nas praias ou de 50 metros no resto da costa.
- e) **Zona tradicionalmente nudista:** zona de baño dunha praia, ou parte desta, debidamente balizada e sinalizada como tal.
- f) **Zona de varada:** aquela destinada á estadía, embarque, desembarque ou mantemento de embarcacións profesionais ou de recreo, debidamente listadas.
- g) **Acampada:** instalación de tendas de campaña, parasoles cubertos nos seus laterais ou de vehículos ou remolques habitables.
- h) **Campamento:** acampada organizada e dotada dos servizos establecidos na normativa vixente.
- i) **Bandeiras de sinalización de habilitación para o baño:** determinarán a aptitude das condicións das augas para o baño e servirán como instrumentos de sinalización para a seguridade das persoas usuarias. Coa finalidade de procurar unha visibilidade adecuada o tamaño mínimo das bandeiras será de 1 x 1,20 metros. As bandeiras clasificaranse por cores indicando o estado do mar en canto á idoneidade para practicar o baño:

I. **Verde:** apto para o baño. Permitirá o baño sen ningunha restrición

II. **Amarela:** precaución. Permitirá o baño con certas restricións. Prevé dun certo perigo no baño derivado das condicións do mar observadas e/ou pola existencia de animais, elementos flotantes, contaminación ou outras circunstancias de risco para a seguridade e a saúde das persoas.

III. **Vermella:** prohibido o baño. Prevé dun grave perigo no baño para a vida ou a saúde das persoas, ben sexa polas condicións do mar ou pola existencia de animais, elementos flotantes, contaminación ou outras circunstancias de risco para a seguridade e a saúde das persoas.

Fóra da temporada de baño, a ausencia de bandeira significará que non existe servizo de salvamento e socorrismo.

Non obstante, as bandeiras anteriores poderán complementarse con outras que indiquen concretamente o perigo a previr.

j) **Animal de compañía:** todo aquel que, sendo doméstico ou silvestre, autóctono ou alóctono, está no poder das persoas, sempre que a súa posesión non teña como destino o seu consumo ou o aproveitamento das súas producións, nin persiga fins comerciais ou lucrativos.

k) **Pesca marítima de recreo:** enténdese aquela que se realiza por afección ou deporte, sen ningunha retribución e sen ánimo de lucro. As capturas conseguidas por medio desta actividade serán destinadas exclusivamente ao consumo propio da persoa que a realice, e no seu caso e cando proceda para finalidades benéficas e/ou sociais.

A pesca marítima de recreo poderá ser exercitada en superficie, desde embarcación ou a pé desde a costa, e submarina, nadando ou mergullándose a pulmón libre.

l) **Temporada de baño:** é o período de tempo no que pode preverse unha afluencia importante de bañistas, tendo en conta os usos e costumes locais. Deste xeito, corresponderalle á Alcaldía determinar as datas correspondentes á temporada de baño, así coma os horarios nos que se habilitará a vixilancia da zona de baño polo persoal do Servizo de Salvamento en cada ano mediante unha resolución á que se lle outorgará a debida publicidade para o coñecemento das persoas interesadas.

Artigo 5.-Sinalización informativa.

A través dos diferentes medios de comunicación precisos, procederase á divulgación da información necesaria para o axeitado goce das praias e da franxa costeira. En virtude do referido, os elementos de sinalización (paneis, carteis...) deberán conter a seguinte información básica:

- a) Nome do municipio.
- b) Nome da praia, accidente ou porción do litoral ao que se refire a información.
- c) Localización física e características da praia na que se atopa a persoa usuaria (lonxitude, límites e outras características de interese).
- d) Código da zona de baño.
- e) Descrición dos servizos dos que dispón a praia.
- f) Aclaracións sobre os diferentes indicadores de perigo existentes na praia: bandeiras, sinais...
- g) Accesos á praia: tráfico rodado, servizos de emerxencia, peonil, eivadas/os.
- h) Localizacións dos postos de primeiros auxilios e dos postos de vixilancia.
- i) Números de teléfono de emerxencias e outros de interese.
- j) Código de conduta das persoas usuarias.
- k) Horario do servizo de salvamento.
- l) Controis periódicos da calidade das augas.
- m) Espazos naturais protexidos.
- n) Pictogramas.

O Concello de Arteixo procederá a normalizar todos os soportes dos carteis nos que se exporá a información indicada, non podendo ser instalado ningún modelo de soporte sen estar previamente conformado polos servizos municipais competentes.

Os soportes, coa información precisa, serán instalados nos lugares de acceso principal aos diferentes areais, aparcadoiros, áreas de descanso ou calquera outra zona de concentración de persoas usuarias. Para a súa instalación considerase o menor impacto no ambiente no relativo a materiais empregados, construción e colocación.

TÍTULO II.-NORMAS DE USO

CAPÍTULO I.-NORMAS DE CARÁCTER XERAL

Artigo 6.-Uso común xeral.

1. As praias constitúen un ben de dominio público, prohibíndose expresamente o seu uso privativo, agás os supostos de concesións ou reservas que puideran ter lugar. Deste xeito, a utilización das praias será libre, pública e gratuíta para os usos comúns e acordes coa súa natureza, tales como pasear, estar, bañarse, navegar, embarcar e desembarcar, varar, pescar, coller plantas e mariscos e outros actos semellantes que non requiran obras e instalacións de ningún tipo e que se realicen de acordo coas leis, regulamentos e coa presente ordenanza. En calquera caso, o paseo, a estadía e o baño pacífico na praia e no mar teñen preferencia sobre calquera outro uso.

2. Queda prohibido darlle un uso diferente ao que lles é propio ás fontes, ás duchas, aos lavapés e aos aseos situados nas praias e nas sendas litorais. Igualmente prohibese a limpeza dos utensilios de cociña, lavarse utilizando xabón, xel ou calquera outro produto que conteña deterxentes e axentes tensoactivos. Ao mesmo tempo, para a promoción do desenvolvemento sostible, tanto por parte dos usuarios como por parte do concello, fomentárase o aforro na utilización de auga.

3. En todo caso, o uso que se dea do diferente mobiliario urbano instalado corresponderase ao fin para o cal está destinado.

4. Por motivos de forza maior, cando, a xuízo da autoridade, se vexa afectada a seguridade ou a salubridade das persoas usuarias, o alcalde ou en quen el delegue, poderá ditar as resolucións oportunas para prohibir o acceso ou o baño nas praias. Estas medidas terán sempre carácter temporal, restablecéndose o libre acceso á praia e á costa inmediatamente despois de desaparecer a situación que motivou tal prohibición.

5. As instalacións que se permitan nas praias, así como os seus servizos, serán de libre acceso público, a non ser que por razóns de seguridade ou interese público, debidamente xustificadas, sexan autorizadas outras modalidades de uso.

6. En varias das praias do Concello de Arteixo existen formacións de dunas móbiles, as cales conforman ecosistemas de gran fragilidade que corresponde coidar e non agredir. Nestes lugares, estean balizados ou non, non estará permitido ningún dos usos que se describen na presente ordenanza para as zonas de baño, incluído pasear ou permanecer nos mesmos.

Artigo 7.-Autorización municipal.

A realización de calquera tipo de actuación, ocupación, publicidade, uso especial ou disposición de obxectos, aínda que sexa de formal temporal, no ámbito de aplicación da presente ordenanza, deberá dispor da preceptiva autorización municipal ou do órgano administrativo competente en materia de costas, de conformidade coa tipificación de usos do dominio público marítimo-terrestre. No caso de realizar calquera das actuacións referidas, sen prexuízo da instrución do correspondente expediente sancionador pola infracción cometida, habilitaranse as potestades administrativas para ordenar o cese da actividade ou a restitución do medio ao seu estado orixinario.

Queda prohibida a realización de calquera actividade lucrativa no ámbito de aplicación da presente ordenanza sen a previa obtención das autorizacións pertinentes.

Artigo 8.-Publicidade.

Queda prohibida a publicidade nas praias por medio de carteis ou valados ou por medio acústicos ou audiovisuais e por calquera medio de difusión.

Artigo 9.-Normas acústicas.

1. Prohibese a utilización nas praias de aparellos de radio, aparellos reprodutores de música, instrumentos musicais ou similares, de forma que produzan ruídos que resulten molestos ao resto de persoas usuarias e sempre que superen os niveis máximos establecidos da emisión de ruídos e vibracións.

2. No referente á celebración de eventos especiais (verbenas, actos públicos, concertos...), estas actividades poderán ser autorizadas polo Concello de Arteixo, sempre e cando cumpran cos requisitos contemplados nesta ordenanza.

Artigo 10.-Prohibicións xerais.

En orde á seguridade das persoas usuarias das praias, zonas de baño, sendas litorais e franxa litoral e á hixiene das mesmas prohibese:

1. Realizar lume directamente sobre o chan da praia, area, pedras ou rochas.
2. Realizar fogueiras para o recreo ou ocio e para confección de alimentos, así como utilizar equipamentos de queima e de combustión destinados á iluminación ou a cociñar alimentos.
3. Exceptuaranse desta prohibición aqueles casos nos que se proceda a cociñar alimentos en lugares expresamente previstas para o efecto, como poden ser as áreas de descanso dotadas de grellas. De igual maneira, exceptúase da anterior prohibición a realización de fogueiras que se puideran prender con motivo da festividade de San Xoán, aínda que neste

caso os promotores das referidas fogueiras deberán contar coa autorización do Concello de Arteixo, a cal condicionará expresamente tal actividade.

CAPÍTULO II.-DA LIMPEZA E HIXIENE DA ZONA DE BAÑO

Artigo 11.-Limpeza.

1. Correspóndelle á Administración municipal a limpeza e acondicionamento das praias do termo municipal, que poderá recibir para o financiamento destas tarefas as subvencións que outros organismo públicos convoquen ao efecto e que realizará de xeito directo ou indirecto, por medio da contratación de empresas especializadas. A limpeza realizarase do xeito que sexa máis adecuado ás características de cada unha das praias, coas frecuencias e horarios que se definan, realizando, cando menos, as seguintes tarefas:

- a) Retirada de todos aqueles residuos mesturados na capa superficial da area ou dispostos sobre a mesma.
- b) Baleirado e limpeza de papeleiras, colectores e demais recipientes dispostos nas praias e nas sendas litorais e xestión axeitada dos residuos.
- c) Retirada de algas que puideran causar molestias ás persoas usuarias e causar problemas de salubridade.
- d) Eliminación de residuos especiais (cadáveres de animais mariños e outros) e materiais de arribazón.

2. Queda prohibido calquera acto susceptible de ensuciar as praias, estando obrigado o responsable á limpeza inmediata da mesma, sen prexuízo da sanción que puidese derivar de tales feitos.

3. Co fin de facilitar a limpeza mecánica das praias, durante a temporada de baño non se permitirá a permanencia de persoas usuarias, así coma a instalación de parasoles ou calquera tipo de elemento que entorpeza o paso dos servizos de limpeza dentro do horario definido para tal fin e que regulamentariamente se determine para tal efecto por parte do organismo competente.

4. O Concello poderá realizar campañas de sensibilización ambiental e protección do medio ambiente por medio das accións divulgativas que estime oportunas.

Artigo 12.-Residuos.

1. Prohíbese depositar na praia ou no mar calquera clase de residuo, sexa cal sexa a súa natureza e o seu volume. Os residuos xerados polas/os usuarias/os das praias no seu uso normal serán depositados nos colectores ou papeleiras distribuídos para tal efecto por parte do Concello de Arteixo.

2. Os colectores e as papeleiras instalados nas praias deberán utilizarse correctamente, depositando cada residuo no colector adecuado e non vertendo nestes materiais líquidos, residuos perigoso, entullos, madeiras, materiais de combustión, animais mortos, mobles ou calquera outro tipo de material ou residuo non axeitado para o seu uso.

3. Os establecementos de hostalaría localizados nas praias, así como as instalacións de temporada deberán contar cos seus propios recipientes para o depósito do lixo e deberán aterse aos horarios que estableza o Concello de Arteixo para o depósito dos residuos procedentes deses negocios.

4. Co fin de manter a hixiene e a salubridade, este Concello adoptará as medidas oportunas de control de vertidos e dos depósitos de materiais.

Artigo 13.-Conduas de carácter hixiénico-sanitario.

1. Respecto da hixiene persoal prohíbese:

- a) A evacuación fisiolóxica no mar ou na praia.
- b) A utilización de xabón, xel, xampú ou calquera outro produto semellante para lavarse no mar ou nas duchas instaladas nas praias e nas sendas litorais.

2. O Concello instalará nas praias aseos públicos accesibles durante a tempada de baño. Constituirá unha infracción o seu uso diferente ao que lle é propio como xogar, limpar os utensilios de cociña, lavarse utilizando xabón, xel ou xampú ou calquera outro produto deterxente, pintar, deteriorar etc., sen prexuízo das responsabilidades doutra índole que poidan esixirse.

3. Naquelas zonas onde se realice algún tipo de actividade, xa sexa permanente ou temporal, os seus responsables deberán manter durante o seu exercicio, as debidas condicións de limpeza e salubridade. Os titulares dos servizos de tempada están obrigados a evitar que se produza acumulación de lixo na zona onde estean implantados, polo que deberán proceder á súa limpeza coa frecuencia adecuada á intensidade do seu uso, depositando os restos nos colectores habilitados para iso.

4. Co fin de facilitar a limpeza das praias, durante a tempada de baño non se permitirá instalar calquera elemento que entorpeza o paso dos servizos de limpeza dentro do horario que se estableza.

5. A evacuación dos residuos farase obrigatoriamente no tipo de envases e recipientes normalizados que se establezan. Estes deberanse depositar nos colectores habilitados para a recollida selectiva de residuos dispostos na súa contorna.

6. Quen vulnere esta prohibición, a requirimento verbal dos axentes da autoridade deberá retirar de inmediato os residuos e proceder ao seu depósito, conforme se establece nesta ordenanza, sen prexuízo da sanción que lle poida corresponder.

Artigo 14.-Seguridade.

Co fin de garantir a seguridade de todas as persoas que estean nas praias e o mantemento e a hixiene destas sen provocar molestias ao resto das/os usuarias/os prohibese:

1. Usar bombonas de gas e/ou líquidos inflamables nas praias e nas sendas litorais.

2. Cociñar na praia.

3. O abastecemento de combustible nas praias, así coma o vertido ao mar de lixo ou residuos desde embarcacións, motos náuticas ou artefactos flotantes, cuxa manipulación se realizará seguindo as máis estritas normas de seguridade e baixo a responsabilidade da persoa que a realice.

CAPÍTULO III.-DA CALIDADE DAS AUGAS DE BAÑO

Artigo 15.-Información sobre o estado e a calidade da auga.

Con carácter preceptivo e en relación á calidade das augas de baño, estarase ao disposto no Real decreto 1341/2007, do 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño. Deste xeito:

1. A poboación terá dereito a ser informada polo Concello da falta de aptitude para o baño das augas que non satisfagan os criterios de calidade mínima esixibles.

2. O Concello de Arteixo informará a todas as usuarias e usuarios dos criterios de calidade das augas de baño das diferentes zonas, dos resultados das analíticas practicadas en cada unha delas e dos informes anuais elaborados polo órgano autonómico competente.

3. No caso de detectarse a existencia dunha zona de baño que non acada os estándares regulamentarios o Concello, ademais, informará aos bañistas da recomendación de absterse do baño na zona, das causas da contaminación e das medidas adoptadas para reparar tal situación.

Sen prexuízo do anterior, o Concello de Arteixo exporá toda a información relativa á calidade das augas de baño na sinalización informativa referida no artigo 5 da presente ordenanza.

CAPÍTULO IV.-DOS EMPRAZAMENTOS

Artigo 16.-Autorizacións.

1. O emprazamento de calquera tipo de instalación deberá contar coa preceptiva autorización municipal e reunir as condicións sinaladas con carácter xeral na presente ordenanza e na lexislación específica que regule a actividade que se pretende exercer. Para obter a autorización correspondente deberase formular unha solicitude conforme ao procedemento específico que se articule para cada tempada. En todo caso, será imprescindible para obter a autorización municipal que se dispoña dos permisos que sexan necesarios expedidos pola Administración de Costas.

2. É potestade do Concello, no exercicio das súas competencias e das administracións con competencias en materia de Costas e co fin de acadar os obxectivos previstos nesta ordenanza, establecer as zonas onde emprazar e exercer os distintos servizos e actividades no ámbito de aplicación desta norma. Non se permitirá a delimitación, polos particulares, da zona obxecto de concesión ou autorización.

Artigo 17.-Instalacións.

1. Todos os elementos que se instalen no espazo público, obxecto desta ordenanza, deberán responder aos requisitos de homologación de acordo coa súa normativa específica. Este requirimento é preceptivo para autorizar a súa instalación.

2. Será obriga do titular ou do concesionario ou persoa autorizada manter as instalacións nas debidas condicións de seguridade e hixiene. Para ese efecto, disporá de todos os complementos mobiliarios en orde e axeitadamente para recoller e evacuar os residuos xerados.

3. Débese respectar, no caso de facer instalacións, en todo momento, os accesos peonís, as escaleiras de accesos, os postos de salvamento e socorrismo (tendo en conta neste caso tamén a necesidade de que non sufran un entorpecemento visual), ramplas, saídas e espazos reservados en xeral.

4. Non se permitirá ningunha obra fixa no espazo público, obxecto desta ordenanza, agás a autorizada previamente, nin deixar restos de calquera elemento utilizado na actividade unha vez finalizado o prazo de autorización previsto.

CAPÍTULO V.-DA PRESENZA DE ANIMAIS NAS PRAIAS

Artigo 18.-Prohibicións.

1. O propietario e, no seu caso, o acompañante do animal, considéranse responsable das actuacións que o animal realice e os prexuízos que ocasione ás persoas, ás cousas e ao medio en xeral, con relación ao previsto nesta ordenanza e ao establecido nas disposicións vixentes na materia, en especial á Ordenanza municipal reguladora da posesión e custodia dos animais de compañía do Concello de Arteixo.

2. Queda prohibida a presenza de calquera animal doméstico nas praias do municipio durante o período comprendido entre o 1 de xuño e o 30 de setembro de cada ano, sen excepción de horario. Non obstante, o Concello resérvase a facultade de habilitar espazos específicos dentro dos areais, destinados ao acceso de animais de compañía, os cales serán oportunamente sinalizados, delimitados e divulgados.

3. As persoas que conduzan animais de compañía no ámbito de aplicación desta ordenanza deberán impedir que estes ingresen nos areais e realicen as súas deposicións na praia. En calquera caso, o posuidor do animal está obrigado a recoller e retirar os excrementos, debendo limpar a zona que fose afectada.

Artigo 19.-Excepcións.

1. Permítese a presenza de cans destinados a traballos de salvamento ou auxilio a persoas necesitadas, cando as circunstancias así o aconsellen.

2. Permítese a presenza de cans de asistencia (aqueles adestrados para o acompañamento, condución e auxilio de persoas con eivas, debendo estar debidamente acreditados e identificados) en compañía da persoa á que sirvan, sen prexuízo da responsabilidade do seu posuidor ou propietario nin das medidas que deba adoptar para evitar molestias ou riscos ao resto das persoas.

3. Igualmente quedan exceptuados das prohibicións reflectidas no antedito artigo os animais que, pola realización de actividades ou celebracións debidamente autorizadas pola autoridade sanitaria correspondente, teñan que permanecer na praia, facéndoo en todo momento dentro dos lugares e zonas destinados para eles.

CAPÍTULO VI.-DA PESCA

Artigo 20.-Da práctica da actividade.

1. Nas zonas de baño, durante a temporada de baño e, en xeral entre o día 1 de maio e o 30 de setembro, desde as 10:00 horas e ata as 22:00 horas, prohibese todo tipo de pesca desde a beira da praia e desde os espigóns, para evitar os danos que os aparellos de pesca poidan causar ao resto das/os usuarias/os.

2. No horario de pesca permitido será imprescindible que esta non afecte ao normal desenvolvemento do servizo de limpeza da praia, ademais de quedar supeditada á ausencia de usuarias e usuarios na praia.

3. A pesca deportiva submarina realizada dentro do horario autorizable exposto quedará supeditada á ausencia de usuarias/os na praia. Para a práctica da pesca submarina será preciso contar coas licenzas requiridas normativamente, que terán que ser exhibidas ao requirimento dos axentes da Policía Local.

Artigo 21.

En casos excepcionais, tales como feiras, concursos, etc., poderá autorizarse a práctica da pesca deportiva, debendo respectar os participantes os lugares, horarios e condicións que estableza o Concello de Arteixo. Nestes casos a pesca practicarase en lugares debidamente sinalizados e con carácter temporal.

Artigo 22.-Prohibicións.

Co fin de protexer e dar seguridade aos usuarios/as da praia, prohibese a manipulación en terra de calquera instrumento de pesca que poida supor un risco para a seguridade das persoas e, en especial, a entrada e saída desde a praia ás persoas que practiquen a pesca submarina co fusil cargado, así coma a manipulación en terra deste ou doutros instrumentos de pesca submarina que poidan supoñer un risco para a seguridade das persoas.

CAPÍTULO VII.-CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS NAS PRAIAS

Artigo 23.-Norma xeral e exencións.

1. Queda prohibido en toda a extensión das praias e sendas litorais, o estacionamento e a circulación de vehículos de calquera tipo, de dúas ou máis rodas, por tracción mecánica ou animal e, expresamente, as motos e quads. Exímese da devandita prohibición os vehículos de emerxencia, seguridade e servizos municipais, así coma aqueloutros expresamente autorizados para as persoas con diversidade funcional e os que, diariamente, proceden á limpeza, ao mantemento e á vixilancia das praias. Todos os vehículos exentos non poderán quedar estacionados nas praias e nas sendas, debendo retirarse unha vez rematada a actuación que motivou o seu acceso á praia ou á zona de baño.

2. Outra excepción á prohibición referida é o de aqueles profesionais (mariscadores a pé) que precisan acceder á zona costeira a través das sendas litorais. Só poderán circular polas mesmas aquelas persoas autorizadas que estean desenvolvendo o seu labor profesional nos períodos e horarios legalmente establecidos.

3. Quen vulnere as prohibición indicadas neste artigo deberá proceder de inmediato á retirada do vehículo do dominio público ocupado, a requirimento verbal dos axentes da autoridade, sen prexuízo de que estes xiren parte da denuncia á administración competente para instruír o oportuno expediente sancionador de resultar procedente. Se o propietario dun vehículo estacionado indebidamente na praia ou na senda litoral non fose localizado polos axentes, procederase á retirada do mesmo por parte do guindastre municipal, con cargos á conta do infractor.

CAPÍTULO VIII.-ACAMPADAS NO DOMINIO PÚBLICO

Artigo 24.-Acampada e elementos de ocupación do espazo na praia.

1. Queda prohibido durante todo o ano e a calquera hora a instalación de tendas de campaña, así coma as acampadas ou campamentos de calquera duración de tempo nas praias e na zona costeira, por razóns de protección dos espazos de interese natural, paisaxístico e cultural. Para unha mellor utilización e goce da praia e do litoral, só serán permitidos parasoles totalmente diáfanos nos seus laterais, así coma cadeiras, mesas e complementos.

2. Queda prohibido deixar instalados os elementos enunciados no antedito apartado sempre que non se atopen presentes os seus propietarios na praia, coa única finalidade de ter reservado un lugar na praia sen atoparse na zona de baño nin no areal.

3. Os servizos municipais ou a Policía Local poderán retirar aqueles elementos instalados irregularmente e depositalos en dependencias municipais. Estes elementos retirados só poderán ser devoltos aos donos cando estes acrediten a súa propiedade.

4. Independentemente do anteriormente establecido, o feito da devolución dos elementos ao seu propietario non exime a este da posibilidade de ter que responder diante da instrución dun procedemento sancionador, de ser o caso.

CAPÍTULO IX.-DAS EMBARCACIÓNS NAS ZONAS DE BAÑO

Artigo 25.-Navegación.

1. Nas zonas de baño debidamente balizadas non estará permitida a navegación deportiva e de recreo, nin tampouco a utilización de calquera tipo de embarcación ou medio flotante, calquera que sexa o seu método de propulsión.

2. O lanzamento ou a varada de embarcacións deberá facerse a través de canles debidamente sinalizadas e a velocidade limitada a tres nós como máximo. Nas zonas de baño non balizadas o lanzamento e a varada de embarcacións farase coas debidas precaucións para evitar accidentes, preferentemente polos extremos das praias ou nas zonas onde a afluencia de bañistas sexa menor, de forma perpendicular á costa e sempre á velocidade sinalada. Toda embarcación, en presenza de bañistas na auga diminuírá a súa velocidade ao mínimo ou parará, adoptando todas as medidas ao seu alcance para evitar danos aos bañistas.

3. As embarcacións oficiais e os medios utilizados para realizar os servizos de limpeza re residuos flotantes, vixilancia, salvamento e socorrismo non estarán suxeitas ás prohibicións indicadas no apartado 1 deste artigo, aínda que si deberán respectar a velocidade de tres nós, agás causa de forza maior ou salvamento, debendo adoptarse neste caso as precaucións necesarias para evitar riscos á seguridade das persoas ou á navegación marítima.

4. Nos tramos de costa que non estean balizados como zona de baño entenderase que esta ocupa unha franxa de 200 metros lineais nas praias e de 50 metros lineais no resto da costa.

5. O Concello poderá establecer zonas de lanzamento, varada ou zonas náuticas, sinalándoas convenientemente. As embarcacións a vela ou a motor deberán utilizar estas zonas náuticas obrigatoriamente. Nestas canles de acceso dunha praia balizada quedará prohibido o baño, o mergullo, así coma a realización de calquera tipo de navegación ou manobra distinta ás de entrada e saída ao mar, excepto en situación de perigo.

6. Todas as embarcacións que naveguen pola costa deberán cumprir en todo momento as normas establecidas pola capitanía marítima correspondente, incluíndo as embarcacións de servizo estatal, autonómico ou local.

Artigo 26.-Ocupación do dominio público cos aparellos de navegación.

1. Non se permite a ocupación de espazos públicos sen autorización, así coma o abandono nestes espazos de obxectos, artefactos ou os elementos que se enuncian de seguido: embarcacións, remolques, táboas de surf ou windsurf, velas, remos ou similares. Exceptúanse os que se atopen dedicados a servizos de emerxencia ou servizos públicos.

2. Nos casos sinalados no apartado anterior a autoridade competente requirirá a retirada dos artefactos ao seu titular, concedéndolle un prazo de 24 horas e indicando no propio requirimento que, no caso de incumprimento do mesmo este servirá de orde de execución da retirada inmediata unha vez transcorrido o prazo sinalado, efectuándose de forma subsi-

diaria polo Concello e con repercusión dos custos municipais a cargo do titular, depositándose os materiais nun recinto municipal.

3. No caso de non ser posible a notificación do requirimento a un titular coñecido, procederase de forma cautelar á retirada dos artefactos. De non ser posible a identificación do titular dos obxectos quedará facultado o Concello para proceder á súa retirada e depositalos nun recinto municipal.

CAPÍTULO X.–DA PRÁCTICA DE XOGOS E DEPORTES NAS ZONAS DE BAÑO

Artigo 27.–Actividades.

1. Tal e como se sinala no artigo 6 da presente ordenanza o paseo, a permanencia ou o baño na praia ou no mar teñen preferencia sobre calquera outro uso e, polo tanto, tamén sobre a práctica de xogos e deportes nas zonas de baño.

2. Aínda tendo en conta o anterior, nas zonas de baño do Concello de Arteixo permitirase o desenvolvemento de actividades como poden ser o xogo de pelota, paletas e outras similares, sempre que a súa realización non supoña unha

molestia para o resto das persoas por realizarse a unha distancia que as elimine, nunca inferior a quince metros, ou que a dimensión da praia o permita.

3. Poderán desenvolverse as actividades deportivas ou lúdicas nas zonas que, con carácter permanente, teña dedicadas o Concello á práctica de diversos deportes, xogos, etc., ou que estean debidamente balizadas e autorizadas polo organismo competente.

Artigo 28.–Deportes náuticos.

1. Nas zonas de baño ou durante a tempada de baño, poderanse habilitar zonas, adecuadamente sinalizadas, para a práctica da actividade deportiva de surf, windsurf, kitesurf ou outros deportes similares co fin de evitar os danos que a súa práctica poden causar ao resto de usuarios/as. Calquera actividade deportiva que se realice dentro do horario que se estipule, quedará supeditada por motivos de seguridade á ausencia de bañistas nas zonas de auga de baño onde se estea practicando a devandita actividade, non podendo realizarse en presenza de bañistas.

2. Poderanse exceptuar do previsto no apartado antedito os supostos de concursos ou campionatos, podendo autorizarse as prácticas deportivas citadas. Tanto as persoas organizadoras como participantes, deberán respectar os lugares, horarios ou condicións que estableza o Concello. Nestes casos permitidos, a práctica deportiva farase en lugares debidamente sinalizados e con carácter temporal.

CAPÍTULO XI.–DA VENDA NON SEDENTARIA

Artigo 29.

1. Considérase venda non sedentaria, a venda ambulante e a realizada en puntos non estables por vendedores habituais ou ocasionais.

2. Calquera persoa que realice venda non sedentaria deberá contar coa correspondente autorización municipal.

3. A autorización municipal para a venda especificará o tipo de produtos que poidan ser obxecto de venda, así coma o lugar ou os lugares precisos onde deba exercerse e as datas e o horario en que se poderá levar a cabo.

Artigo 30.

1. A autoridade municipal ou os seus axentes, poderán requisar a mercadoría a aquelas persoas non autorizadas que realicen a venda de calquera tipo de mercadorías na praia. Unha vez retirada, esta só poderá ser devolta cando se presente un xustificante que acredite a súa propiedade, salvo o disposto para os produtos perecedoiros, para os que, en caso de comiso, se procederá á súa destrución.

2. Independentemente do anteriormente expresado, poderase proceder á instrución do correspondente expediente sancionador ou á petición das responsabilidades que correspondan ao autor/a da venda.

Artigo 31.–Prohibicións.

1. Prohíbese a venda ambulante daqueles produtos cuxa normativa específica así o estableza e todos aqueles carentes dunha autorización municipal específica. En particular, bebidas e produtos alimenticios en xeral. Non se permitirá a venda e subministro de bebidas alcohólicas nas praias, sendas e zonas peonís adxacentes e demais vías públicas, a non ser nos lugares desta que estean debidamente autorizados.

2. Queda terminantemente prohibida a prestación de servizos de masaxe, relax e similares, fóra das zonas habilitadas para o efecto e sempre que non dispoñan da correspondente autorización municipal.

3. Do mesmo xeito, queda prohibida a realización de figuras de area, que supoñan a ocupación de espazo público, con fins lucrativos, sempre que non dispoñan da correspondente autorización municipal.

4. Con carácter xeral prohíbese a realización de calquera tipo de actividade lucrativa nas praias do Concello de Arteixo, sen a preceptiva autorización municipal, así coma a de calquera outra administración competente por razón da materia.

TÍTULO III.-VIXILANCIA, SALVAMENTO E SOCORRISMO

Artigo 32.-Da seguridade dos bañistas.

1. As zonas de baño habilitadas existentes no Concello de Arteixo disporán, durante a temporada de baño, de servizos de salvamento e socorrismo, co fin da prevención en materia de seguridade e salvamento. Os servizos de salvamento e socorrismo atenderán os postos de salvamento existentes nas praias exclusivamente durante o horario que determine o Concello, o cal figurará exposto nos paneis indicadores existentes nesas praias.

2. Nas praias deberá existir un Servizo de Salvamento formado por un conxunto de medios humanos e materiais que posibiliten a adopción dunha serie de medidas organizativas, de planificación e de seguridade e protección.

3. As funcións do Servizo de Salvamento circunscribírense ás zonas balizadas ou sinalizadas para o baño mediante bandeiras preventivas, e/ou recomendadas polos responsables de seguridade do Concello. As funcións concretas deste Servizo serán as que seguen:

a) Efectuar as tarefas de vixilancia continua da zona de baño, o socorrismo e o salvamento de persoas e a observación do contorno ambiental dentro do horario que estableza o propio Concello de Arteixo.

b) Garantir a primeira atención sanitaria.

c) A procura de persoas desaparecidas.

d) A información sobre os recursos dispoñibles e o estado do mar e das mareas.

e) Izar as bandeiras en función do estado do mar e velar pola conservación dos sinais e do material destinado á prevención de accidentes, á vixilancia, ao salvamento, ao socorro e ao transporte de accidentados.

f) Informar aos usuarios das embarcacións que naveguen polas zonas de baño e aos que practiquen deportes náuticos das prohibicións ou limitacións a tales prácticas.

g) Manter a zona destinada ao baño despexada de animais e obxectos que poidan presentar perigo para os bañistas. No caso de detectarse calquera animal ou obxecto perigoso para os bañistas o persoal do Servizo de Salvamento procederá á súa retirada ou, no caso de non ser viable, proceder a avisar ao seu responsable.

h) Sinalizar as zonas de baño de acordo coa clasificación establecida, modificando estas cando as condicións meteorolóxicas así o aconsellen.

i) Poñer en coñecemento dos axentes da autoridade ou do órgano municipal competente a comisión de infraccións ao previsto na presente ordenanza para os efectos da incoación do procedemento sancionador correspondente.

j) En xeral, evitar toda clase de actividades que resulten perigosas para os usuarios/as e informar a estes de calquera aspecto relacionado co cumprimento do especificado na presente ordenanza.

4. Corresponderalle tamén ao Servizo de Salvamento as actuacións de emerxencia fóra das zonas de baño habilitadas cando se atope unha persoa en situación de risco e previa decisión das autoridades municipais responsables.

Artigo 33.-Das obrigas do bañistas e das persoas usuarias das praias e da zona litoral.

1. As persoas bañistas quedan obrigadas a seguir as orientacións e as indicacións que, por seguridade, poida realizar o Servizo de Salvamento, así coma cantas disposicións existan ou poidan ditarse en diante por parte dos organismos competentes e, en concreto, as recollidas na presente ordenanza. En todo caso, non poderán afastarse máis de 25 metros do bordo do mar nas praias, co obxecto de poder garantir a súa seguridade.

2. As persoas que desexen bañarse fóra da temporada de baño, en praias ou lugares da costa que non contén con este servizo ou fóra do horario establecido para o Servizo de Salvamento farano baixo a súa exclusiva responsabilidade.

3. De igual maneira, tamén será responsabilidade exclusiva dos bañistas cando practiquen o baño dentro da temporada e do horario establecidos para o mencionado servizo pero o fagan desatendendo as indicacións do Servizo de Salvamento e fóra das zonas balizadas ou sinalizadas para o baño por medio de bandeiras e outros sinais colocados especificamente para tal fin.

4. Recoméndase ás persoas con algún tipo de diversidade funcional ou enfermidade, para as que o baño poida constituír algún risco, poñan esta circunstancia en coñecemento do Servizo de Salvamento para os efectos de que adopte, no seu caso, as medidas pertinentes. A mesma regra serve para o suposto baño dun conxunto de persoas que formen unha excursión, xa que o baño colectivo pode implicar riscos que deberán ser previamente valorados polo persoal do Servizo de Salvamento.

5. Queda prohibido o baño naquelas zonas da praia especificamente sinalizadas e tamén cando se atope izada a bandeira vermella. No caso de que calquera bañista incumpra tal prohibición, a requirimento do persoal do Servizo de Salvamento, deixará de tomar o baño de inmediato, sen prexuízo de que poida ser denunciado polos axentes da autoridade en orde á instrución do correspondente expediente sancionador.

6. No caso de existencia de rachas de vento, os usuarios/as das praias procederán a pechar todo tipo de parasoles, paraventos, cadeiras, hamacas e calquera outro obxecto que poida ser arrastrado e causar problemas de seguridade persoal e colectiva. En calquera circunstancia, con independencia da existencia de vento, é imprescindible que os elementos instalados na praia se atopen perfectamente ancorados ao chan, de xeito que non poidan ser desprazados, causando perigo aos demais usuarios.

Artigo 34.-Do persoal do Servizo de Salvamento.

1. Todo o persoal que realice tarefas de salvamento, socorrismo e asistencia sanitaria, deberá dispor da titulación homologada que o acredite e habilite para o exercicio destas actividades profesionais.

2. O persoal do Servizo de Salvamento contratado durante a temporada de baño dependerá para a súa organización e exercicio da Asociación de voluntarios de Protección Civil de Arteixo, durante o seu exercicio profesional, deberá ir debidamente uniformado, de xeito que sexa perfectamente identificable e levará o equipamento que sexa preciso a xuízo do responsable do servizo.

3. Na prestación do Servizo de Salvamento deberán intervir:

- a) Un coordinador/a de servizo.
- b) O número preciso de socorristas acuáticos que permitan cubrir a totalidade dos postos de salvamento distribuídos nas diferentes zonas de baño.
- c) Persoal con coñecementos sanitarios, encargados de atender os postos de primeiros auxilios.
- d) Un patrón por embarcación de rescate.
- e) Equipo de apoio de emerxencias.

Artigo 35.-Infraestruturas e equipamento.

Con carácter xeral, os recursos materiais recomendados por cada praia serán os seguintes:

- a) Carteis informativos nos accesos principais e nas zonas de maior afluencia de usuarios/as.
- b) Posto de primeiros auxilios.
- c) Unha ou varias torres de vixilancia ou postos de salvamento no propio areal.
- d) Mastro e bandeiras de sinalización de risco, as cales deberán de ser visibles desde toda a praia. No caso de non ser así deberase contar co número de mastros preciso para que as mencionadas bandeiras sexan visibles desde calquera punto do areal.
- e) Equipo de salvamento.
- f) Material sanitario e caixa de primeiros auxilios.
- g) Sistemas de comunicación.

Dependendo das necesidades e posibilidades na prestación do servizo poderase dispor a utilización de vehículos: Embarcacións e motos acuáticas de rescate, vehículos de loxística e apoio.

Artigo 36.-Postos de primeiros auxilios.

As características da instalación e do equipamento dos postos de primeiros auxilios serán as necesarias para tratar unha primeira atención sanitaria e as posibles situacións básicas de urxencia ordinaria, contando con abastecemento de enerxía eléctrica e auga, sala de curas, mastros de sinalización, equipos de comunicacións e coordinación de emerxencias e sistemas de megafonía para informar e comunicar incidencias ás persoas usuarias das praias.

TÍTULO IV.-RÉXIME DE SANCIÓNS

CAPÍTULO I.-INFRACCIÓN

Artigo 37.

Cando se detecten infraccións, a sanción das cales sexa competencia deste Concello, procederase á instrución do correspondente expediente previo á subseguinte imposición da sanción que corresponda se fose procedente. O expediente seguirase conforme ao establecido na lexislación de procedemento administrativo.

As infraccións das normas desta ordenanza serán sancionados polo órgano municipal correspondente, dentro do ámbito das súas competencias, coa incoación previa do oportuno expediente no que se terán en conta as circunstancias que concorran en cada caso. Todo iso sen prexuízo de pasar o tanto de culpa ao Xulgado que corresponda ou remitir actuacións practicadas ás autoridades competentes, cando así o determine a natureza da infracción.

En calquera caso, para a súa cualificación e tipificación estarase ao disposto na Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, que reforma a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora as bases de réxime local.

Artigo 38.

Ademais da imposición da correspondente sanción, a Administración municipal adoptará as medidas pertinentes para restaurar a realidade física alterada e a orde xurídica infrinxida, coa execución subsidiaria, se procede, das actuacións a cargo do infractor.

Artigo 39.–Gradación.

1. As infraccións tipificadas na lexislación específica serán sancionadas coas medidas e coas multas nela fixadas.
2. As infraccións a esta ordenanza clasificaranse en:
 - a) Leves.
 - b) Graves.
 - c) Moi graves.

Artigo 40.–Infraccións leves.

Cualificaranse como infraccións leves as seguintes:

- a) A realización de actividades como xogos de pelota, paleta e outros similares, na superficie da area e nas zonas de augas de baño, que poidan molestar a outras persoas e sempre, a unha distancia inferior aos quince metros.
- b) O incumprimento das normas de limpeza por parte das persoas usuarias das praias e das sendas litorais e que non se consideren graves no artigo seguinte.
- c) O uso de aparellos de radio, reprodutores de música, instrumentos musicais ou similares, cando polo seu volume de sonoridade causen molestias aos demais usuarios da zona de baño e sempre que superen os niveis máximos establecidos de emisión de ruídos e vibracións.
- d) O uso indebido das duchas, fontes e lavapés, así como lavarse neles, no mar ou na praia utilizando xabón ou calquera outro tipo de produto de aseo corporal.
- e) Deixar instalados parasoles totalmente diáfanos nos seus laterais, así como cadeiras, mesas e outros complementos, sempre que non se atopen presentes os seus propietarios, coa única finalidade de ter reservado o lugar na praia ou nas sendas litorais.
- f) A práctica da pesca nas zonas de baño dentro da temporada e horarios prohibidos no artigo 20 da presente ordenanza.
- g) A venda ambulante sen autorización expresa, salvo que por normativa específica se estableza outro tipo de sanción.
- h) A evacuación fisiolóxica no mar ou na praia.
- i) Pasear ou permanecer nas zonas de duna.
- j) A prestación de servizos de masaxe, relax e similares, fóra das zonas habilitadas para o efecto, sen dispor da correspondente autorización municipal.
- k) A realización de calquera actividade lucrativa, así coma a realización de actos de publicidade, dentro das praias, nas sendas litorais e nas zonas adxacentes ás mesmas, sen a correspondente autorización municipal.
- l) Calquera outra infracción a esta ordenanza que non estea expresamente cualificada como grave ou moi grave.

Artigo 41.–Infraccións graves.

Cualificaranse como infraccións graves as seguintes:

- a) A práctica do baño cando na praia estea izada a bandeira vermella.
- b) Realizar lume na praia, cociñar así como usar grellas, bombonas de gas ou outros utensilios para facer lume, sen a autorización correspondente, que se determinará para un evento concreto de natureza excepcional.
- c) O uso na práctica da pesca deportiva de escopeta submarina ou arpón que pola súa proximidade poida supor risco para a saúde e seguridade das persoas usuarias da praia.

d) A presenza de animais na praia naquelas datas e horarios especificados na presente ordenanza, coas excepcións definidas no artigo 19.

e) O incumprimento das normas de limpeza por parte dos titulares dos servizos de temporada da praia, ou de calquera outra actividade autorizada polo órgano competente.

f) O depósito en papeleiras e similares de materiais en combustión por parte dos usuarios das praias.

g) O depósito, na praia ou no mar, de calquera tipo de residuo, sempre e cando non se provoque un dano á flora e á fauna, tanto do litoral como mariña.

h) Dificultar, de xeito intencionado, as funcións do servizo público de salvamento ou non atender as indicacións dadas polos seus membros no relativo ás medidas preventivas na práctica do baño.

i) O incumprimento dos requirimentos específicos que formule a Administración municipal, sempre que se produza por primeira vez.

j) A resistencia a facilitar información ou a amosar información ou documentación falsa, inexacta, incompleta ou que induza a erro, implícita ou explicitamente, ou non prestar colaboración á Administración local ou aos seus axentes.

k) A práctica do surf, windsurf, kitesurf e outros deportes similares incumprindo as normas establecidas na presente ordenanza e a varada ou permanencia de embarcacións, táboas de surf, windsurf, kitesurf, hidropedais, motos acuáticas, etc., fóra das zonas sinaladas e destinadas para tal fin.

l) A práctica do baño ou o acceso á praia cando, por causa de forza maior, así o prohiba a autoridade competente, con carácter temporal.

m) A instalación de tendas de campaña, a realización de acampadas ou a constitución de campamentos.

n) O abastecemento de combustible nas praias.

o) A instalación de parasoles, cadeiras, mesas e complementos nas zonas de duna.

Artigo 42.-Infraccións moi graves.

Cualificaranse como infraccións moi graves as seguintes:

a) O uso de calquera clase de vehículos non autorizados por toda a extensión da praia, da senda litoral e das zonas de duna.

b) O vertido ou depósito de materiais que poidan producir contaminación e risco de accidentes.

c) A realización de calquera ocupación con instalación fixa ou desmontable sen contar coa preceptiva autorización.

d) A navegación con embarcacións non autorizadas a distancia inferior a 200 metros das zonas de baño.

e) A causa de calquera impacto negativo sobre a fauna e a flora mariñas ou do litoral.

f) A causa dolosa de danos graves sobre o mobiliario ou elementos públicos instalados na zona de baño.

g) O incumprimento reiterado dos requirimentos específicos formulados pola Administración municipal.

h) A reincidencia na comisión de faltas graves antes do prazo establecido para a súa prescrición.

CAPÍTULO II.-SANCIÓN

Artigo 43.-Apercibimento.

1. A autoridade municipal ou os seus axentes, poderán apercibir verbalmente aos que infrinxan calquera das disposicións contidas na presente ordenanza, co fin de que de forma inmediata cesen a actividade prohibida ou realicen a obriga debida, iso sen prexuízo da incoación de expediente sancionador cando corresponda, ou no seu caso, se remita parte de denuncia á Administración competente.

2. Nos casos en que a autoridade municipal exerza a súa competencia de forma verbal, deberá deixar constancia por escrito do mesmo con expresión do seu contido dando o trámite que proceda.

3. O persoal de salvamento ou socorrismo apoiará os anteriores no labor de informar do que establece a presente ordenanza, notificando as incidencias nas praias á autoridade competente.

4. Os bañistas quedan obrigados a seguir as orientacións e as indicacións que por seguridade poidan realizar os axentes da autoridade ou os membros do Servizo de Salvamento e Socorrismo, así coma cantas disposicións de desenvolvemento existan ou que poidan ditarse en diante polos organismos competentes.

Artigo 44.-Sancións.

As sancións por infracción da presente ordenanza atenderán ás contías establecidas na Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, que reforma a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e que serán as que seguen:

1. As infraccións leves serán sancionadas con multa de contía variable desde 100 ata 500 euros.
2. As infraccións graves serán sancionadas con multa de contía variable desde 501 ata 1.500 euros.
3. As infraccións moi graves serán sancionadas con multa de contía variable desde 1.501 ata 3.000 euros.

Artigo 45.-Gradación das sancións.

Para graduar as multas atenderase primordialmente á existencia de intencionalidade, á reiteración e á natureza dos prexuízos causados.

Considérase como circunstancia atenuante o cesamento do acto de modo voluntario trala pertinente advertencia por axente da autoridade e a voluntaria restauración da perturbación ocasionada e, como circunstancia agravante o incumprimento dos requirimentos efectuados pola administración para o cese do acto punible conforme coa presente ordenanza, a reincidencia pola comisión no prazo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza cando así fose declarado por resolución firme e a existencia de intencionalidade ou á reiteración da conduta.

Cando concorra algunha circunstancia agravante, a sanción impoñerase sempre en contía superior á terceira parte do seu máximo. Se concorre algunha circunstancia atenuante e ningunha agravante, impoñerase na súa contía mínima.

Na fixación das multas terase en conta, en todo caso, que a comisión da infracción non resulte máis beneficiosa para o infractor có cumprimento das normas infrinxidas.

Artigo 46.-Responsabilidade.

1. Son responsables das infraccións tipificadas nesta ordenanza, todas aquelas persoas que participasen na comisión do feito que constituía a infracción por calquera título, sexan persoas físicas ou persoas xurídicas. Excepto nos supostos nos que sexan menores de idade, onde responderán os pais, titores ou aqueles que dispoñan da custodia legal.

2. Son responsables, subsidiariamente, en caso que non se poida identificar aos autores, os titulares ou propietarios dos vehículos ou embarcacións cos que se realice a infracción.

3. En relación aos animais, en ausencia do propietario será responsable subsidiario a persoa que no momento de producirse a acción leva o animal.

4. Son responsables os titulares das licenzas ou autorizacións, cando por motivo do exercicio dunha actividade concedida nestas, realice algunha das infraccións tipificadas na presente ordenanza.

5. As responsabilidades administrativas que se deriven do procedemento sancionador serán compatibles co requirimento ao infractor da reposición da situación alterada por este ao seu estado orixinario, así como coa indemnización polos danos e polas perdas que se causaron, que poderán ser determinados polo órgano competente, debendo neste caso comunicarse ao infractor para a súa satisfacción no prazo que para o efecto se determine, habilitándose no caso de que non o faga o uso dos medios de execución forzosa dos actos administrativos dos que dispón a administración.

CAPÍTULO III.-PROCEDEMENTO SANCIONADOR

Artigo 47.-Procedemento.

1. O procedemento aplicable ao expediente sancionador será aquel previsto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e no Real decreto 1398/1993, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

2. As denuncias que dean lugar á incoación do procedemento, sen prexuízo do resto de formas de incoación recoñecidas pola lei, serán formuladas polos axentes da autoridade ou polos particulares.

Artigo 48.-Competencia sancionadora.

1. O alcalde do concello, ou ben o concelleiro en quen teña delegadas as funcións, será competente para impoñer as sancións que procedan, despois da instrución do correspondente expediente sancionador.

2. Será competencia do alcalde, ou do concelleiro en quen delegue, garantir o exacto cumprimento das normas contidas nesta ordenanza, a través dos servizos administrativos aos que se lle encomende estas funcións e co auxilio dos axentes da Policía Local e do persoal adscrito ao Servizo de Protección Civil.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

Nos aspectos non previstos no texto da presente ordenanza, será de aplicación a lexislación sectorial que corresponda, co seguimento dos procedementos administrativos instruídos pola administración competente.

DISPOSICIÓN FINAL.

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez que se cumpran os trámites de exposición pública e de aprobación definitiva (de ser o caso), transcorra o prazo regulamentario a que se refire o artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, e se publique integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia.

ANEXO I**Denominación dos areais.**

Os areais de Arteixo teñen as seguintes denominacións que son as oficiais para todos os efectos:

- Area Grande.
- Area do Porto.
- Sabón.
- Repibelo.
- A Hucha.
- Valcovo.
- As Combouzas.
- Barrañán.
- O Reiro.

Asemade, co gallo de salvagardar e promover a riqueza e diversidade toponímica dos areais enuméranse as distintas formas que por tradición ou acervo son coñecidas para algunhas das praias antes indicadas:

- Sabón: O Rañal, Alba,
- Repibelo: A Salsa,
- A Hucha: Area Pequena
- Valcovo: Area Grande, A Vaca

Nos documentos oficiais, web municipal, medios de comunicación municipais, servizos municipais, sinais, carteis, paneis informativos e demais material divulgativo o nome a empregar dos areais será sempre o oficial. Con todo, poderanse utilizar os nomes non oficiais sempre e cando teñan un carácter secundario e non induzan á confusión do lector/interlocutor/oínte. Tamén se admitirán os nomes non oficiais no caso de que se trate explicitamente o tema da diversidade de denominacións dos areais”.

Cuarto.—Acordar a súa publicación no BOP aos efectos da súa entrada en vigor de conformidade co artigo 70.2 LBRL no prazo sinalado no artigo 65.2 da mesma lei, coa indicación dos recursos que procedan contra a aprobación definitiva da Ordenanza”.

En Arteixo, a 29 de maio de 2025.

Asina dixitalmente na data do documento electrónico: Víctor Merelas García, Concelleiro con delegación especial de Medio Ambiente.

2025/3554